

Prevenición e control de riscos: é o estudo e a implantación das medidas necesarias e convenientes para manter baixo observación, evitar ou reducir as situacións de risco potencial e danos que puidesen derivar. As accións preventivas débense establecer antes de que se produza a incidencia, emerxencia, accidente ou como consecuencia da experiencia adquirida após a análise destas.

Portos comerciais: os que en razón ás características do seu tráfico reúnen condicións técnicas, de seguranza e de control administrativo para que neles se realicen actividades comerciais portuarias, entendendo por tales as operacións de estiba, desestiba, carga, descarga, transbordo e almacenamento de mercadorías de calquera tipo, en volume ou forma de presentación que xustifiquen a utilización de medios mecánicos ou instalacións especializadas.

Recursos: elementos naturais ou técnicos cuxa función habitual non está asociada ás tarefas de autoprotección e cuxa dispoñibilidade fai posible ou mellora os labores de prevención e actuación ante emerxencias.

Rehabilitación: é a volta á normalidade e continuación da actividade.

Risco: grao de perda ou dano esperado sobre as persoas e os bens e a súa conseguinte alteración da actividade socioeconómica, debido á ocorrencia dun efecto prexudicial específico.

Titular da actividade: a persoa física ou xurídica que explote ou posúa o centro, establecemento, espazo, dependencia ou instalación onde se desenvolvan as actividades.

#### ANEXO IV

#### **Contido mínimo do rexistro de establecementos regulados pola norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias, dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia**

##### Datos xerais:

Nome do establecemento.

Enderezo completo.

Teléfono, fax, correo electrónico.

N.º de ocupantes (clasificación).

N.º empregados (clasificación).

Actividade ou uso do establecemento. Actividades ou usos que convivan na mesma edificación.

Datos do titular (nome, enderezo, teléfono...).

Data da última revisión do plan.

##### Datos estruturais:

Tipo de estrutura.

N.º de plantas sobre e baixo rasante.

Superficie útil ou construída (por plantas).

Número de saídas ao exterior.

Número de escaleiras interiores.

Número de escaleiras exteriores.

Sectorización de incendios.

Información relevante sobre a estrutura e/ou o edificio.

Localización das chaves de corte de subministracións enerxéticas (gas, electricidade, gasóleo...).

##### Contorno:

Información sobre o contorno (urbano, rural, proximidade a ríos, a rutas polas cales transitan vehículos con mercadorías perigosas, a industrias, a zonas forestais, edificio illado ou medianeiro con outras actividades. Tipo de actividades do contorno e os seus titulares.)

Vulnerables existentes no contorno.

##### Accesibilidade:

Datos e información relevante sobre o acceso.

Características dos accesos de vehículos ás fachadas do establecemento.

Número de fachadas accesibles para os bombeiros.

Focos de perigo e vulnerables:

Tipo de risco máis significativo que emana do edificio.

Tipo e cantidade de produtos perigosos que se almacenan e/ou procesan

Vulnerables.

Instalacións técnicas de protección contra incendios.

Dispón de:

Detección e alarma de incendios. Data de revisión da instalación.

Interruptores de alarma de incendios. Data de revisión da instalación.

Extintores de incendios. Data de revisión da instalación.

Bocas de incendio equipadas. Data de revisión da instalación.

Hidrantes. Data de revisión da instalación.

Columna seca. Data de revisión da instalación.

Extinción automática de incendios. Data de revisión da instalación.

Iluminación emerxencia. Data de revisión da instalación.

Sinalización. Data de revisión da instalación.

Grupo electrógeno e SAI. Data de revisión da instalación.

Equipamento de bombeo e cisterna ou depósito de auga. Data de revisión da instalación.

Planos.

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**6238** *REAL DECRETO 397/2007, do 23 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 940/2001, do 3 de agosto, polo que se establecen normas reguladoras da axuda á transformación non sector do liño e do cânabo con destino á produción de fibras e o Real decreto 890/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre. («BOE» 72, do 24-3-2007.)*

O Regulamento (CE) n.º 1673/2000 do Consello, do 27 de xullo de 2000, polo que se establece a organización común de mercados no sector do liño e do cânabo destinados á produción de fibras, fixa a axuda para a fibra que conteña como máximo un 7,5 por cento de impurezas e tomentos. Non obstante, facultaba os Estados membros para concederen a axuda á produción de fibras cando o contido de impurezas e tomentos non superase o 15 por cento para o liño e o 25 por cento para o cânabo, para as campañas de comercialización 2001/2002 a 2005/2006.

O Real decreto 940/2001, do 3 de agosto, polo que se establecen normas reguladoras da axuda á transformación no sector do liño e do cânabo con destino á produción de fibras, recolle, entre outras disposicións, que o

contido máximo en impurezas e tomentos será o máximo permitido polo citado regulamento do Consello.

Posteriormente, ditouse o Regulamento (CE) n.º 953/2006 do Consello, do 19 de xuño, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1673/2000, do 27 de xullo. Este último regulamento prorroga a facultade dos Estados membros para permitir os límites de impurezas e tomentos citados até a campaña 2007/2008.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en función das saídas de mercado tradicionais, considera conveniente ampliar até a campaña 2007/2008 os límites citados.

En canto á modificación do Real decreto 890/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre, o obxectivo da redacción do artigo 7.2.a) era facilitar a saída do cultivo de determinados agricultores que desexen abandonar, pasando a súa cota a outros produtores, pero que non queren perder os dereitos correspondentes á porcentaxe que se decida da axuda do Fondo de Reestruturación, no caso de que nos anos seguintes a fábrica a que lle entregaba a súa remolacha peche. Este precepto deixaba á decisión das comunidades autónomas a determinación das campañas creando unha situación de inseguridade destes agricultores, porque nas comunidades autónomas non tomarán esta decisión até o momento en que a industria presente a súa proposta de abandono.

O sector no seu conxunto, organizacións agrarias e industrias, entende que para cumprir o obxectivo se debería determinar xa que os produtores das campañas correspondentes poderán cobrar as axudas destinadas aos agricultores, entre o 10 e o 15 por cento do Fondo de Reestruturación.

Por outra parte, o artigo 6.3 do Regulamento (CE) número 968/2006 da Comisión, do 27 de xuño de 2006, que establece disposicións de aplicación do Regulamento (CE) número 320/2006, do Consello, polo que se establece un réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre na Comunidade, determina que se compensarán os contratistas pola perda de valor da súa maquinaria especializada que non poida ser utilizada para outros fins, sen que se fixen condicións sobre o seu desmantelamento. Porén, o Real decreto 890/2006 veu impor condicións máis restritivas ao determinar que unicamente se compensarán os contratistas que demostren de forma que faga fe o desmantelamento da maquinaria obxecto do dereito á axuda.

Exixirles aos contratistas a condición do desmantelamento da maquinaria agrícola especializada afectada pola reestruturación de industrias azucreiras parece excesiva, ao tempo que iría alén dos imperativos do propio regulamento e entraría en contradición cos requisitos exixidos á industria que reestrutura, que está obrigada a desmantelar a maquinaria industrial e a eliminala do lugar de produción, pero en ningún caso se lle exixe o seu desmantelamento.

Para ter en conta estas modificacións faise necesario modificar o Real decreto 940/2001, do 3 de agosto, e o Real decreto 890/2006, do 21 de xullo.

Mesmo cando as modificacións afectan aspectos puntuais dalgúns preceptos, por seguridade xurídica procede a redactar de novo alíneas, puntos ou artigos completos.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de marzo de 2007,

## DISPONGO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 940/2001, do 3 de agosto, polo que se establecen normas reguladoras da axuda á transformación no sector do liño e o cânabo con destino á produción de fibras.*

O artigo 12 do Real decreto 940/2001, do 3 de agosto, polo que se establecen normas reguladoras da axuda á transformación no sector do liño e o cânabo con destino á produción de fibras, queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Contía e límites das axudas.*

1. Para as campañas de comercialización 2001/2002 a 2007/2008, o contido máximo de impurezas e tomentos será do 15 por cento para as fibras curtas de liño e do 25 por cento para as fibras de cânabo. A cantidade a que se conceda a axuda será calculada segundo o disposto no artigo 7.2 do Regulamento (CE) 245/2001 da Comisión, do 5 de febreiro, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1673/2000 do Consello, do 27 de xullo, polo que se establece a organización común de mercados no sector do liño e o cânabo destinados á produción de fibras.

2. O importe das axudas será o seguinte:

a) Para as fibras longas de liño:

1.º 100 euros/tonelada para a campaña de comercialización 2001/2002.

2.º 160 euros/tonelada para as campañas 2002/2003 a 2007/2008.

3.º 200 euros/tonelada a partir da campaña 2008/2009.

b) Para as fibras curtas de liño e fibras de cânabo: 90 euros/tonelada para as campañas de comercialización 2001/2002 a 2007/2008.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 890/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre.*

O Real decreto 890/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre, queda modificado como segue:

Un. O punto 2 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«2. Do importe da axuda deducirase unha porcentaxe para produtores de remolacha e cana de azucre e para contratistas de maquinaria, que no caso da remolacha azucreira estará comprendido entre o 10 e o 15 por cento da axuda. Para a cana de azucre será do 40 por cento da axuda.

a) Serán considerados produtores de remolacha azucreira e cana de azucre os que entregasen estas materias primas para a produción de azucre de cota nalgunha das catro campañas inmediatamente anteriores a aquela en que se produza o abandono da cota.

b) Serán considerados contratistas de maquinaria os que traballasen coas máquinas para os produtores anteriores, nos mesmos períodos de referencia e unicamente polas perdas que deriven da maquinaria especializada que non se use para os mesmos ou outros fins.

c) Para a campaña de comercialización 2006/2007, fíxanse as campañas do período de referencia a que se refire o artigo 4.1 do Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro de 2005, polo que se regula a concesión de dereitos de axuda aos agricultores dentro do réxime de pagamento único. Para os produtores de cana de azucre o período que se considerará será

o establecido no artigo 4.1 do Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro de 2005.

A axuda que lles corresponda aos produtores distribuírse proporcionalmente ás cantidades de remolacha de cota e cana de azucre producida e entregada por estes á industria azucreira nas campañas anteriormente citadas. Do mesmo modo, a axuda que lles corresponda aos contratistas de maquinaria distribuírse de forma proporcional ás hectáreas, ou o seu equivalente en toneladas de remolacha colectada, para as cales contratasen os seus servizos aos agricultores que entregasen remolacha de cota á industria azucreira.»

Dous. Nos puntos 2 e 3 do artigo 9, onde di: «Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de febreiro de 2006», debe dicir: «Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005».

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado.»

Dado en Madrid o 23 de marzo de 2007

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**6336** *ORDE ITC/713/2007, do 15 de marzo, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1782/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso.* («BOE» 73, do 26-3-2007.)

O Real decreto 1782/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tec-

noloxías de dobre uso, na súa disposición derradeira segunda indica que os anexos I, II e III do citado regulamento se poderán actualizar por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, con informe previo da Xunta Interministerial Reguladora do Comercio Exterior de Material de Defensa e de Dobre Uso (XIMDDU) e de acordo cos cambios que se efectúen nas listas de control dos respectivos réximes internacionais, é dicir, no seo da Unión Europea, o Tratado de Non Proliferación Nuclear, a Convención de Armas Químicas, a Convención de Armas Biolóxicas e Toxínicas, o Acordo de Wassenaar, o Réxime de Control da Tecnoloxía de Mísiles, o Grupo de Subministradores Nucleares e o Grupo Australia.

A Orde ITC/60/2006, do 12 de xaneiro de 2006, modificou o anexo I do citado Real decreto 1782/2004.

Producíronse novos cambios nas listas de control do Acordo de Wassenaar e do Réxime de Control da Tecnoloxía de Mísiles que afectan o anexo I do citado Real decreto 1782/2004, polo que é necesario adaptar o contido do citado anexo a estes.

Esta orde recibiu o informe favorable da XIMDDU na súa reunión 2/07, do 27 de febreiro de 2007.

Na súa virtude, dispoño:

*Primeiro.—Modificación do anexo I do Real decreto 1782/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso.*

O anexo do Real decreto 1782/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, queda modificado segundo o anexo I da presente orde.

*Segundo.—Derrogación da Orde ITC/60/2006, do 12 de xaneiro de 2006.*

Queda derrogada a Orde ITC/60/2006, do 12 de xaneiro de 2006, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1782/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso.

*Terceiro.—Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 15 de marzo de 2007.—O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Joan Clos i Matheu.